

TERMINAL DE AUTOBUSES INTEGRADA NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO.



A terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo é unha operación promovida pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través da Dirección Xeral de Mobilidade e **cofinanciada pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020**, dentro do obxectivo temático OT4 "Conseguir unha economía máis limpa e sostible".

A actuación a desenvolver consiste na execución en terreos anexos á actual estación de ferrocarril de Vigo-Urzaiz, dunha nova terminal de autobuses de maneira que ambas estacións xuntas conformen unha estación intermodal que integre o transporte público de viaxeiros en autobús co transporte público de viaxeiros en ferrocarril na cidade de Vigo.

Os obxectivos perseguidos polo conxunto da actuación intermodal son:

- Mellorar a calidade ambiental ao potenciar o uso do transporte público en detrimento do vehículo privado e facilitar unha mobilidade urbana sostible.
- Incrementar os usuarios do transporte público.



Con este obxectivo, o 31 de maio de 2018 asinouse un convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade Pública Empresarial ADIF-Alta Velocidade, para a execución das obras dos accesos e a nova vialidade urbana da contorna da Estación Intermodal de Vigo.

A actuación foi tramitada segundo o disposto na **Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Actuacións desenvolvidas no marco desta operación:

A operación foi iniciada en marzo de 2015 coa redacción dos Estudos previos para a construción da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo.

O obxecto deste estudo era realizar unha avaliación inicial, por unha banda, da situación actual do transporte interurbano e das futuras demandas que xerará a futura estación intermodal.

A partir deste estudo, a Xunta de Galicia, no marco desta operación **cofinanciada nun 80% con fondos europeos do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020** executou os seguintes contratos:

- Contrato de servizo para a redacción dos proxectos básicos e de execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo.
- Contrato de servizo para a redacción do proxecto público de urxencia ou excepcional interese da estación intermodal de Vigo.
- Contrato de obra para a execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo.
- Contrato de servizo para a asistencia técnica da execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo.
- Contrato de servizo para a coordinación de seguridade e saúde para a execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo.

Ademais, a Xunta de Galicia participa no resto de actuacións contempladas no convenio asinado para a construción da estación intermodal. Estas actuacións cofinanciadas **nun 80% con fondos europeos do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020** son:

- Túneles y ramais de conexión entre a estación intermodal de e a AP-9
- Praza da Estación.
- Urbanización dos espazos intersticiais.
- Núcleo de comunicación intermodal.



A execución da terminal de autobuses foi iniciada en setembro do 2019 e a súa finalización está prevista para o primeiro trimestre do 2022.

A estación de autobuses iniciará a súa explotación unha vez estra finalizado o conxunto da estación intermodal e os seus accesos.

Características técnicas da terminal de autobuses:

- 22 dársenas de autobuses
- 8 dársenas de regulación
- Superficie construída edificio: 1.200 m²
- Superficie exterior: 1.560 m²
- Expedicións anuais: 110.000
- Viaxeiros anuais: 2.000.000



A financiación estimada da **Xunta de Galicia** é de **13,9 M€**, dos cales **8,8 M€** proceden dos fondos **FEDER Galicia 14-20**.